

Quen coida os parques e os xardíns? Quen se encarga de que os farois iluminen pola noite? E de vixiar o tráfico?

### O Concello

O **Concello** é un organismo que se encarga de gobernar cada localidade e de coidar do seu funcionamento. Dentro del pódense distinguir:

- O **goberno** do Concello, que está composto polo **alcalde** e polos **concelleiros**. Traballan nun edificio que tamén se chama **concello**, onde se celebran reunións ou **plenos municipais**. Nesas reunións ordénase a actividade da localidade e tómanse decisións, como urbanizar unha zona do municipio. Normalmente, aos plenos poden asistir todos os veciños que o desexen.
- Os **traballadores municipais**, eles desempeñan as tarefas necesarias para o bo funcionamento da localidade, como a limpeza das rúas.

Para pagarlles aos traballadores municipais e afrontar outros gastos da localidade, o Concello recada diñeiro cobrándolles **impostos municipais** aos veciños.



### Amplia

#### Localidade e municipio

O Concello goberna sobre un territorio denominado municipio ou termo municipal. Un municipio pode estar formado por unha ou por varias localidades.



- Investiga se o Concello do teu municipio goberna sobre unha ou máis localidades e indica o seu nome.

### Como se elixe o goberno do Concello?



As **eleccións municipais** celébranse cada catro anos. Nelas, os veciños maiores de dezaoto anos votan e elixen os **concelleiros**.



Os **concelleiros** elixen o **alcalde** e axúdanos no goberno da localidade. Cada un ocúpase dun asunto: economía, deporte ou cultura, por exemplo.



O **alcalde** dirixe o **Concello** da localidade e, xunto cos concelleiros, organiza o labor dos **traballadores municipais**.